



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Bravo Bernárdez, Jorge
Carballo Gonzálcz, Ángelcs
De los Bueis Mellado, Jorge
Diz Ferreiro, Paula
Fernández Fernández, Federico
Fernández Iglesias, Manuel José
Ríos Santomé, M^a. José
Valderrama Santomé, Mónica
Valeije Álvarez, Inmaculada
Vaquero Díaz, Beatriz

DESCULPA ASISTENCIA

Acta da sesión extraordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, do día 20 de marzo de dous mil catorce, convocada para as 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda nas salas de videoconferencia dos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.

O día **20 de marzo de 2014**, ás 13:30 horas, deu comezo a xuntanza extraordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta de data 12 de marzo de 2014.
2. Toma en consideración, se procede, do recurso presentado polo profesor D. Juan Carlos Mejuto e once profesores máis contra o modelo de papeleta de votación a Reitor, aprobada pola Comisión Electoral na súa reunión do 12 de marzo de 2014.
3. Toma en consideración, se procede, da petición presentada por D. Diego Jesús García Campos sobre que se lle remova do seu nomeamento como membro da Mesa Electoral da Reitoría.
4. Toma en consideración, se procede, da petición de Dna. Eva Garea Oya de non formar parte da Mesa Electoral da Reitoría como vogal suplente por non atoparse en Vigo o día votación.
5. Rolda libre de intervencións.
6. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria de data 20 de marzo de 2014.

Cuestión de orde: o presidente pregunta aos asistentes se dan o seu consentimento para que a sesión extraordinaria da Comisión Electoral sexa gravada. Os asistentes prestan ou seu consentimento expreso.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta de data 12 de marzo de 2014.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Toma en consideración, se procede, do recurso presentado polo profesor D. Juan Carlos Mejuto e once profesores máis contra o modelo de papeleta de votación a Reitor, aprobada pola Comisión Electoral na súa reunión do 12 de marzo de 2014.

O presidente da Comisión Electoral toma a palabra e, con carácter previo, pregunta aos asistentes se accederon á documentación que, pola urxencia da convocatoria e a falta de axilidade do correo electrónico, puido chegar con atraso aos membros da Comisión. Di que a urxencia da reunión obedece a un recurso, que entrou onte día 19 por Rexistro Xeral ás

13:28 horas; que o devandito recurso foi interposto polo profesor Juan Carlos Mejuto e once profesores máis, contra o modelo de papeleta de votación a Reitor, aprobada pola Comisión Electoral na súa sesión de 12 de marzo de 2104, no seu punto 7 da orde do día. Que, fronte ao modelo aprobado, os reclamantes solicitan que a papeleta de votación inclúa a opción de voto a favor ou en contra do único candidato.

Sinala, que o escrito conclúe solicitando que se proceda, no prazo dun día, a comunicar aos asinantes que a papeleta de votación a de cumprir, exactamente, os requisitos sinalados no art. 51 dos Estatutos da Universidade de Vigo. Que os recorrentes se amparan nos prazos establecidos na LOREG, e que nos dan un día para pronunciarnos e comunicar o resultado. Que ante a urxencia da petición, non quedou máis remedio que convocar unha sesión extraordinaria, e facelo por videoconferencia para garantir o quórum. O presidente agradece a asistencia.

O presidente di que a competencia para resolver corresponde á Comisión Electoral, xa que segundo o artigo 53 dos Estatutos, correspóndelle resolver os problemas e dúbidas que se poidan presentar en calquera elección. Neste sentido, di que a alegación principal se centra na normativa de aplicación ao procedemento electoral do Reitor e na súa aplicación ao modelo de papeleta dunha candidatura. O presidente cede a palabra á secretaria da Comisión, quen expón detidamente aos membros os argumentos xurídicos empregados no recurso.

Comeza por informar que se trata dun recurso contra un mero acto de trámite; que os recorrentes consideran que se procedeu ao deseño dunha papeleta de votación que afecta ao seu dereito de sufraxio pasivo, xa que ante un único candidato, debeuse incluír a mención de voto a favor ou en contra. Que invocan a súa condición de electores para lexitimar o recurso. A secretaria xeral aclara que a competencia da Comisión é para resolver dúbidas sobre a aplicación normativa e que, polo momento, non vai entrar en cuestións de lexitimación dos recorrentes.

Continúa dicindo que os recorrentes recoñecen que o precepto aplicado ao procedemento electoral que nos ocupa é o art. 20 da LOU, pero que este artigo foi obxecto dun recurso de inconstitucionalidade, facendo referencia á doutrina establecida na sentenza 158/2013, de 26 de setembro, do Tribunal Constitucional. A secretaria xeral di que lle chama a atención a invocación desta sentenza, non só porque se refire a un conflito de competencias autonómicas en materia de ensino universitario, senón tamén porque a doutrina constitucional invocada é plenamente respectada polo disposto no art. 57 dos Estatutos, que regula o procedemento para a elección do reitor ou reitora, que, a súa vez, é a plasmación do disposto no art. 20 da LOU:

“A reitora ou o reitor é elixido pola comunidade universitaria mediante a elección directa e o sufraxio universal libre e segredo, por un período de catro anos e con posibilidade dunha soa reelección consecutiva, entre os catedráticos de Universidade en activo que presten os seus servizos na Universidade de Vigo. O voto será ponderado por sectores e corresponderalle ao profesorado doutor con vinculación permanente á Universidade o 51%, ao

resto do persoal docente e investigador o 9%, ao alumnado o 30% e ao persoal de administración e servizos o 10%. A ponderación farase sobre o total de votos a candidaturas validamente emitidos. A reitora ou o reitor será nomeada/o polo órgano competente da Xunta de Galicia. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o reitor ou reitora será substituído/a polo vicerreitor ou vicerreitora que designe con anterioridade o, se é ou caso, polo máis antigo no cargo dentro da Universidade”

Considera que nin o devandito artigo, nin a normativa para a elección a reitor ou reitora, aprobada pola Comisión Electoral, contradín o establecido no art. 20 da LOU na súa versión modificada de 2007.

Continúa dicindo, que o argumento principal dos recorrentes se centra en que consideran que o artigo que é de aplicación inmediata, ao procedemento electoral que nos ocupa, é o art. 51 dos Estatutos, relativo á elección de órganos unipersoais. Sendo así, que, na súa opinión, sendo o reitor un órgano unipersoal, debe aplicarse con preferencia esta disposición, pospoñendo o artigo 57 dos Estatutos que se refire especificamente ao reitor. Os recorrentes defenden que de acordo co disposto no art. 51, a candidatura única ten que conseguir máis votos a favor que en contra; do mesmo xeito que sucede nas eleccións a decanos/as e directores/as de centros e departamentos. Engaden, que se procedeu a deseñar unha papeleta de votación que non respecta o dereito a votar a favor ou en contra desa candidatura nominal. Consideran que a Comisión Electoral se saltou a normativa de obrigado cumprimento.

Intervén o presidente da Comisión para dar lectura ao art. 20.3 da LOU, que dispón que unicamente computarán os votos a candidaturas validamente emitidos unha vez feitas e aplicadas as ponderacións contempladas no art. 57 dos Estatutos. Ao seu xuízo, o artigo 20 da LOU e 57 dous Estatutos establecen de maneira expresa que só se contabilizarán votos a “candidaturas validamente emitidas”. Que a cuestión principal reside en como deben entenderse os termos “votos a candidaturas validamente emitidas”. Sinala que, a este respecto, na mesma analogía normativa empregada polos recorrentes, segundo o disposto no art. 97 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, di que as únicas opcións escrutables son, pola orde indicada no devandito art. 97, votos nulos, votos en branco e votos obtidos por cada candidatura. Engade, que esta mesma clasificación de votos posibles se reitera nos apartados 1 e 5 do art. 108 desta mesma Lei orgánica. Sinala, que unha papeleta que recollera as dúas opcións, como pretenden os recorrentes, sería máis próxima a unha consulta propia dun referendo, no que o dereito de sufraxio se exerce para decidir o acordo ou desacordo sobre unha consulta, que a un proceso electoral para designar por elección a un candidato para desempeñar o cargo de reitor.

O presidente di que a Comisión debe pronunciarse sobre as dúas posibilidades: aceptar o recurso e acceder á petición dos recorrentes ou rexeitalo e manter o modelo aprobado na última sesión de 12 de marzo.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén Jorge de los Bueis, para preguntar por cal será o seguinte paso no caso de rexeitar ou aceptar o recurso.

Ábrese un debate no que o presidente da Comisión insiste en que o prazo para contestar é moi breve. Advirte, que descoñece as intencións dos recorrentes no caso de non contestar expresamente neste prazo, e se pode derivar algunha actuación que afecte ao normal desenvolvemento do proceso electoral, como intentar unha posible impugnación.

Intervén Jorge de los Bueis, para propoñer que se clarifiquen e manifesten todas as opinións para proceder á votación entre as dúas opcións.

Intervén Federico Fernandez, para dicir que celebra que na última reunión xa se dera conta do establecido no artigo 20 da LOU e no procedemento electoral adoptado pola Universidade, e que a decisión que se tomou sobre o modelo de papeleta foi a solución acaída.

Intervén Jorge Bravo, para dicir que, na súa opinión, a normativa é clara, que non hai ningunha contradición entre o art. 51 e 57 dos Estatutos. Que o art. 51 recolle a cautela “*agás*” para aqueles órganos unipersoais nos que exista un procedemento expresamente regrado doutro xeito, e que, na súa opinión, no caso do reitor existe un procedemento aprobado pola Comisión Electoral. Engade, que se fora certo o que solicitan os recorrentes, dado o sistema de cómputo de votos que establece o artigo 20 da LOU e o procedemento de elección do reitor, un voto “Non” vai condicionar o valor dun voto a favor do candidato.

Intervén Paula Diz, para preguntar se de acordo co establecido no art. 20 da LOU, se pode argumentar que un voto “Non” na papeleta é un voto nulo.

Responde o presidente da Comisión dicindo que esa opción é nula, pero o que están pedindo os recorrentes á Comisión é que legalicemos esa opción.

Intervén Beatriz Vaquero, para dicir que os profesores reclamantes teñen que asumir as consecuencias de que exista só unha única candidatura; que confía na boa fe de todas as actuacións no desenvolvemento do proceso electoral e que é partidaria de rexeitar o recurso.

Intervén María José Ríos, para dicir que, na súa opinión, hai unha contradición entre o artigo 51 e o artigo 57 dos Estatutos, aquel expresa “*agás aqueles órganos unipersoais para os que non exista un procedemento expresamente regrado doutro xeito*”, polo que é partidaria de rexeitar o recurso.

Intervén Mónica Valderrama, para dicir que non tivo tempo de ler o contido do recurso; que o recibiu ás 13:18 horas e que, polo seu dereito á conciliación familiar, non puido asistir á totalidade da sesión, o que lle impediu escoitar os distintos argumentos. Que a sesión na que se procedeu á aprobación do modelo de papeleta de votación a reitor foi o 12 de marzo, que estaba prevista inicialmente para o día 13 de marzo. Que, dado o adiantamento da data da reunión ao día anterior respecto ao calendario inicialmente fixado, non puido estar

presente. Que, de asistir, houbera avalado unha papeleta de votación onde houbera un “Si” e un “Non”, para que a comunidade universitaria puidese expresar a súa opinión sobre a candidatura presentada.

Insiste en que, dado que tampouco asistiu a toda a sesión, descoñece o debate e os diversos razoamentos polos que a Comisión se pode inclinar para rexeitar o recurso.

Procédese á votación. O presidente di que as opcións son as seguintes:

- a) Votos a favor de tomar en consideración o recurso e aceptar a petición dos recorrentes en orde ao modelo de papeleta:

Votos a favor: 1

- b) Votos a favor de rexeitar o recurso e manter o modelo de papeleta aprobado no punto 7 da orde do día da sesión ordinaria da Comisión Electoral, celebrada o 12 de marzo de 2014:

Votos a favor: 8

Faise constar que a secretaria da Comisión Electoral non ten voto, por dispoñelo así o artigo 29.b) do Regulamento de réxime interno do Claustro Universitario.

En consecuencia, acórdase, por maioría, rexeitar o recurso interposto polo profesor Juan Carlos Mejuto e once profesores máis contra o modelo de papeleta de votación do reitor. Acórdase que se redacten e dean a forma xurídica que proceda aos distintos argumentos que foron obxecto de discusión durante a sesión, fundamentalmente, en orde a defender que o artigo dos Estatutos da Universidade de Vigo aplicable ao procedemento reitoral que nos ocupa é o artigo 57, que á súa vez é a plasmación do disposto no art. 20 da LOU.

Habílanse ao presidente e secretaria da Comisión Electoral para remitir o acordo ao avogado dos recorrentes, por burofax, e que se poña en coñecemento, ao día seguinte, o documento final que recolle dito acordo.

Punto 3. Toma en consideración, se procede, da petición presentada por D. Diego Jesús García Campos sobre que se lle remova do seu nomeamento como membro da Mesa Electoral da Reitoría.

O presidente dá conta das razóns que asisten a D. Diego Jesús García Campos.

Apróbase por asentimento

Punto 4. Toma en consideración, se procede, da petición de Dna. Eva Garea Oya de non formar parte da Mesa Electoral da Reitoría como vogal suplente por non atoparse en Vigo o día votación.

Dáse conta dos documentos presentados por Dna. Eva Garea para non forma parte, como vogal suplente, da mesa electoral da Reitoría. A razón é o seu desprazamento a Bruxelas, do que aporta documentos xustificativos.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Rolda libre de intervencións.


Non se producen intervencións.

Punto 6. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria de data 20 de marzo de 2014.

Apróbase a acta e decídese que se envíe por correo electrónico a todos os membros da Comisión Electoral, por se desexan facer algunha aclaración.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:45 horas do día 20 de marzo de 2014, da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e praxe do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral



Manuel Fernández Iglesias

A secretaria da Comisión Electoral



M^a Inmaculada Valeije Álvarez